

MELIDE
Instalaranse
novas sinais
en tódalas
parroquias e
aldeas P13

COMARCA
Estudian
protestas polo
retrazo da vía
que une Melide
e Visantoña P15

CULTURA
Músicos da
zona tocaron
en Santurtzi o
Día das Letras
Galegas P17

ENTREVISTA
Teresa e Gonzalo
Torreiro Agra,
Súper Vilasoa



“Vendemos
hortalizas e
verduras da
nosa propia
horta” P22

Asetem e Vila de Melide selan a súa total integración



Tras varios meses de negociación Asetem-Cca e Cca Vila de Melide chegaron a un acordo para formalizar a súa unión. Asinaron un convenio de colaboración que contempla a integración dos socios do Cca Vila

de Melide en Asetem-Cca. A unión dos dous colectivos celebrouse con tódolos socios de Asetem-Cca na cea de confraternidade, á que asistiu a directora xeral de Comercio, Nava Castro Domínguez. P3 e 4

Doce locais participan no concurso ‘Melide de tapas’



Durante as catro fins de semana de xuño, os clientes poderán degustar de xeito totalmente gratuíto tódolos pinchos e optar ó sorteo de varios premios. P7

870.000 euros para sete proxectos en Melide



A Deputación da Coruña destinou fondos para desenvolver varias actuacións entre as que predominan as melloras de servizos ás parroquias do rural. P12

Editorial

Un paso adiante

“A unión fai a forza”. Utilizando o socorrido dito, a directora xeral de Comercio da Xunta, Nava Castro, fixo un merecido recoñecemento á integración do Cca Vila de Melide na Asociación de Empresarios Terra de Melide. Levou o seu tempo chegar a este punto. Foron meses de conversas, de ‘sís’ e de ‘nons’, de chamadas telefónicas, de reunións sen resultados, de reflexións individuais e colectivas e de creación de novas expectativas. Pero despois de todo o proceso podemos celebrar a unión das dúas organizacións empresariais de Melide con orgullo.

“Foi o mellor que poideron facer”, escóitase dende que a nova foi dada a coñecer publicamente. Era algo que a rúa reclamaba a berros porque, nos tempos que corren, a unión para loitar por causas comúns é un dos valores máis apreciados por todos nós.

Celebramos este fito na historia do asociacionismo da comarca con tódolos socios na cea de confraternidade, pero a unión das dúas entidades non se debe tomar coma unha meta. Só é un paso no camiño. Un paso longo, pero non definitivo, no camiño que temos que percorrer e que agora mesmo está cheo de pedras que amenza constantemente con facernos perder o equilibrio.

O proceso non foi fácil, e seguramente queden aínda tempos difíciles, porque non é doado adaptarse ó xeito de funcionar dunha casa allea. Mais cando a



intención é boa, todo se fai moito máis sinxelo. Temos ante nós unha gran vantaxe que cómpre aproveitar na maior medida posible, que é o feito de que nos move a busca de beneficios para as xentes da Terra de Melide.

Queremos que os pasos que marcaron os nosos asociados ó poñer en marcha os seus negocios sexan tomados como bo exemplo para manter vivo o motor económico da comarca.

Esperamos cos brazos abertos a tódolos socios de Cca Vila de Melide, porque a chegada de novos membros sempre supón algo positivo. Significa a entrada de savia nova, de novas opinións e de novos xeitos de facer as cousas. Novos valores, persoas con

experiencia probada que pasarán a formar parte da nosa asociación para enriquecela aínda máis.

Agora tamén é o momento para que aqueles que alegaban a existencia de dúas asociacións para non integrarse nalgunha delas dean o paso definitivo para chegar a ter unha organización que represente á totalidade de empresarios e comerciantes da comarca. Somos conscientes de que se crearon grandes esperanzas arredor da unión dos dous colectivos e, dende aquí prometemos que non vai a defraudar a ninguén. Estamos preparados para aproveitar tódolos recursos que temos á nosa disposición para buscar o beneficio común, porque agora pisamos máis forte.

Tribuna de opinión

Interrogantes

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Nas últimas datas, as novas relacionadas coas infraestruturas viarias da nosa comarca non son demasiado alentadoras. Hai unhas semanas coñeciamos que a Xunta de Galicia solicitaba ó Ministerio de Fomento o estudo de novas variables para o tramo Arzúa-Palas de Rei da autovía A-54, debido á afección da alternativa aprobada provisionalmente sobre o LIC Serra do Careón. Aínda que parece que todo se resolverá favorablemente respecto ás expectativas dos melidenses, as dúbidas sobrevoan a actuación.

Por se fora pouco, máis recentemente, o Goberno central iniciou un plan de axuste que contempla recortes nas inversións. O Ministerio de Fomento aínda non aclarou se a A-54 vai estar afectada. Polo visto ata o de agora, tódalas grandes infraestruturas sufrirán retrasos nos seus prazos de construción. Dende Asetem-Cca queremos dar un voto de confianza ó departamento que dirixe o fillo adoptivo de Melide, José Blanco,

pero, como xa manifestamos noutras ocasións, non toleraremos un retraso inxustificado dos prazos, porque supoñería frear o desenvolvemento das nosas empresas e comercios, unha traba máis en tempos de crise.

Pero existe outro caso máis preocupante, que xa ten cabreados ós veciños da zona. O arranxo da estrada que une Melide con Vísantón (Santiso), que non por ser de menor capacidade é menos importante que a autovía. Lévese loitando pola ampliación desta vía dende hai moitos anos. Xa pasaron varios presidentes pola Deputación da Coruña, a titular da estrada, pero as promesas que fixeron todos aínda están sen cumprir. O mesmo ocorre coa estrada que vai a Sobrado. É unha situación que inflúe negativamente na dinámica do tecido empresarial da zona e, no fondo, no día a día dos veciños.

Asetem-Cca está disposta a petar en tódalas portas que sexa preciso para facer escoitar estas xustas reclamacións.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓN: Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’, Xosé Domingos Fuciños, Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Jorge Sangiao

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	12
-COMARCA.....	15
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓN.....	19
-AXENDA.....	21
-ENTREVISTA.....	22
-AS NOSAS PAISAXES.....	23

Asetem integrará ós socios de Vila de Melide tras materializarse a unión dos colectivos

As patronais falan dun “gran proxecto de futuro”

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca) e o CCA Vila de Melide chegaron recentemente a un acordo para a integración dos asociados de Vila de Melide en Asetem-Cca.

Tras varios meses de intensas negociacións, as dúas entidades asinaron un convenio de colaboración no que se recollen os termos do acordo. A unión foi anunciada polas presidentas de ámbolos dous colectivos ós medios nunha rolda de prensa, onde compareceron para explicar os detalles do pacto.

O Cca Vila de Melide -que procederá á súa disolución-comprometeuse a través do convenio asinado á integración “voluntaria” dos seus membros en Asetem-Cca. A ratificación destes socios produciuse na assemblea xeral de Asetem-Cca, celebrada o pasado 20 de maio, para que no caso de que os empresarios e



Sonia Valiño e Rosa Cabado no momento de asinar o acordo

comerciantes decidan inscribirse, o fagan como socios de pleno dereito. A cifra de asociados de Asetem-Cca, que actualmente integra a máis de 140 negocios, verase previsiblemente aumentada coa incorporación dos antigos membros do Cca Vila de Melide.

Respecto ós cargos na Xunta Directiva, Asetem-Cca cederá dous postos, concretamente os de contador e un vogal, que serán ocupados por Rosa Cabado e Secundino Rodríguez, respectivamente, xa que así o decidiu a directiva do Cca Vila de Melide. Á marxe disto, Ca-

bado tamén será a presidenta da Comisión de Comercio, que xestionará os servizos e actividades destinadas a esta área económica. A comisión rexerá por un regulamento de réxime interno que se poñerá en marcha nun breve período de tempo.

Valoracións

A responsable de Asetem-Cca avanzou que esta operación “traerá importantes vantaxes para os asociados, xa que se constitúe un centro comercial aberto que reúne tódolos requisitos para concorrer ás axu-

das oficiais específicas para este tipo de entidades”, algo que non fora posible ata o momento para ningunha das dúas organizacións. Neste senso, recoñeceu “o compromiso de apoio á unión que nos expresou persoalmente a directora xeral de Comercio, Nava Castro”. Ademais, valorou o aumento de asociados como un feito sempre positivo, xa que contribúe a dar maior peso ó colectivo, algo importante para que se escoiten as súas reivindicacións.

Pola súa banda, a presidenta do Cca Vila de Melide, Rosa Cabado, destacou a “forte vontade de integración das xuntas directivas dos dous colectivos” e amosou o seu agradecemento ós actuais dirixentes de Asetem-Cca “por ternos convidado a traballar conxuntamente, algo que non fora posible en tempos anteriores”.

Precedentes e futuro

Sonia Valiño situou os precedentes da unión na organización conxunta das campañas de Nadal e Namorados deste ano. “Vimos que era algo positivo e necesario para poder traballar con moita máis forza”, indicou Valiño.

Valiño e Cabado aseguraron que esta unión dará vida a “un gran proxecto de futuro” e subliñaron que seguirán loitando para “acadar a meta que buscaron os dous colectivos dende a súa fundación, traballar fortemente polo tecido empresarial e comercial da comarca de Melide”.

O teu comercio, o teu xornal

Organiza: CCA Melide

Colabora: XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Dirección Xeral de Comercio

O teu comercio, o teu xornal

Cupón nº 4

Xuño 2010

Organiza: CCA Melide

Colabora: XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA Dirección Xeral de Comercio

Os socios de Asetem acollen con boas expectativas a unión das dúas patronais na cea de confraternidade

A responsable de Comercio da Xunta amosou o seu compromiso coa integración

Era un dos feitos máis agardados polo conxunto do empresariado melidense. A unión de Asetem-Cca e Vila de Melide tivo como estrea a cea anual de confraternidade que tódolos anos celebra Asetem. Arredor de 150 persoas asistiron a esta cita, onde se recibiu con gran expectativa a unión das dúas patronais melidenses.

O acto, celebrado no Hotel Carlos 96 de Melide, contou coa presenza da directora xeral de Comercio, Nava Castro, a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, o rexedor de Toques, Jorge Calvo e o de Santiso, Ovidio Leiva.

A presidenta do colectivo, Sonia Valiño, trasladou ós asociados a súa satisfacción pola integración. “É un paso de vital importancia para o sector, por iso esta foi unha das principais inquietudes da directiva neste último exercicio”, asegurou Valiño, que compareceu por primeira vez en calidade de presidenta de Asetem-Cca na tradicional xuntanza. “Afrontamos unha



A mesa presidencial integrada por (de esquerda a dereita): Rosa Cabado, Nava Castro, Sonia Valiño, Socorro Cea, Jorge Calvo e Ovidio Leiva.

etapa ilusionante, con moitas ganas de traballar e na que poñeremos moita vontade para acadar os retos que temos por diante”. Ademais, recoñeceu o apoio da responsable do departamento de Comercio da Xunta á unión nun único centro comercial aberto.

Pola súa banda, a presidenta da comisión de Comercio de Asetem-Cca, Rosa Cabado, asegurou que as dúas entidades “compartían un denominador común que é traballar polo noso comercio e o tecido

empresarial de Melide”, feito que fixo posible a unión. “Foi un camiño duro, pero quedarán os froitos para Melide”, afirmou.

Na súa intervención, Cabado agradeceu o traballo da directora xeral de Comercio ao mesmo tempo que reclamou á Xunta “un maior esforzo, xa que vivimos tempos difíciles”.

Valedora do comercio

A responsable autonómica de Comercio, Nava Castro, transmitiu a noraboa ás dúas patro-

nais locais pola súa integración e postulouse como “valedora de Melide”. “Conten comigo para axudar a Melide a saír adiante”, dixo.

Referiuse ás intencións da Xunta de potenciar o comercio de proximidade, pois “o comercio fai vila”, e de permanecer en contacto con empresarios e comerciantes “para coñecer as súas demandas e saber cal é o rumbo que debemos seguir para satisfacer e solucionar os problemas”.

Castro animou ós socios de

Asetem-Cca a “aproveitar os recursos turísticos que ten Melide”, en alusión ós Camiños de Santiago.

Consecuencias da crise

Valiño aludiu ás consecuencias da crise no desenvolvemento da zona e fixo especial fincapé na necesidade da mellora das comunicacións da vila de Melide cos concellos de Santiso e Sobrado. Tamén abordou a situación do tramo da autovía A-54 que transcorre por Melide. Amosouse confiada na pronta resolución do trazado definitivo e en que os recortes nas inversións estatais non afecten a esta vía. “Non podemos baixar a garda, porque un retraso supoñería un importante pao para o tecido económico da zona”.

A diferenza doutros anos, o acto non contou coa habitual entrega de premios a empresarios e comerciantes, algo que a presidenta de Asetem-Cca relacionou coa situación económica. “Teríamos que dar máis de 140 premios, unha homenaxe a cada un de vós, porque o voso esforzo diario nunha situación tan difícil merecese un gran recoñecemento”.

Asimesmo, amosou o “total compromiso da asociación con todos os seus integrantes para que os vosos negocios poidan superar esta crise e saian reforzados dela”.

GALERÍA



Nava Castro asinou no libro de honra de Asetem-Cca, expresando o seu compromiso de apoio ó comercio melidense



A presidenta de Asetem-Cca falou do apoio da asociación ós negocios da comarca “para que saian reforzados da crise”



Rosa Cabado dixo que as negociacións foron “un camiño duro, pero quedarán os froitos para Melide”



Nava Castro definiuse como unha defensora do comercio de proximidade, “porque é o que fai vila”.



Tralo seu discurso, Castro recibiu un lote de produtos típicos da comarca de mans de Sonia Valiño.

OS ASISTENTES



Asetem ratifica 33 novos socios e presenta os obxectivos para o próximo exercicio

Os asociados dispoñerán da tramitación gratuita de subvencións

A Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto (Asetem-Cca) ratificou 33 novos socios na súa asemblea xeral, celebrada o pasado 20 de maio de 2010. As novas altas producíronse no período comprendido entre xaneiro de 2009 ata o final de abril de 2010. Deste xeito, Asetem-Cca conta con máis de 140 socios, cantidade que se verá incrementada trala integración de máis membros a raíz da integración dos asociados ó Cca Vila de Melide.

A asemblea xeral, que contou cunha escasa afluencia de asociados, dou o visto bo para a entrada dos novos membros, así como para as baixas que se produciron dende o comezo de 2009 ata o pasado mes de abril. Tamén foi aprobado o balance de contas ó peche do pasado exercicio, que puido ser consultado antes da asemblea por tódolos socios que o solicitaron.

No seu discurso ante os asociados, a presidenta da patronal, Sonia Valiño, -que comparecía por primeira vez ante a asemblea xeral- asegurou que os esforzos da entidade se centran “no aumento da rede de socios para conse-



Valiño e Villamor asinaron as actas da asembleas do anterior exercicio

guir unha maior representatividade do colectivo” e na consecución de tódolos requisitos para a catalogación como centro comercial aberto a efectos de obter axudas oficiais.

Trala lectura e firma de actas da asemblea xeral anterior e da asemblea extraordinaria celebrada o pasado 15 de abril, e a relación de actividades postas en marcha no último ano, a presidenta de Asetem-Cca e o secretario, José Ramón Villamor, expuxeron os obxectivos previstos para o futuro exercicio. Destacaron a posta en marcha dun servizo de tramitación de axudas gratuitas para tódolos asociados -ademais da información sobre todo tipo de subven-

cións que xa se achega puntualmente- e a habilitación dun stand comercial no centro da vila, que funcionaría como punto de atención continua da asociación e promocionaría as actividades, produtos e servizos dos asociados.

Unión das patronais da vila

Por outra banda, a directiva fixo fincapé na vontade para a integración das dúas patronais do comercio de Melide, que finalmente chegou a materializarse días despois da celebración da asemblea. Na reunión de socios, o secretario adiantou que había aberto un proceso de negociación que “avanzaba por bo camiño”, proceso que recibiu a total

aprobación de tódolos asociados presentes.

Debido á boa sintonía para acadar un acordo, a presidenta do Cca Vila de Melide asistiu á reunión, na que tamén se propuxo á asemblea xeral a ratificación dos socios pertencentes a este centro comercial aberto, para que no caso de que opten por adherirse a Asetem-Cca sexan considerados como membros de pleno dereito.

Reclamacións e propostas

No turno de rogos e preguntas, os asistentes demandaron á Xunta Directiva que “presione” ás institucións correspondentes para axilizar a mellora das comunicacións viarias entre Visantón (San-

tiso) e Sobrado coa vila de Melide, para potencia a atracción de máis visitantes.

Os socios tamén amosaron a súa preocupación polo futuro da autovía A-54 (Santiago-Lugo) en canto á aprobación definitiva do trazado xa seleccionado de xeito provisional polo Ministerio de Fomento e os prazos de construción da infraestrutura. Algúns dos presentes posicionáronse confiados ante estas circunstancias, non obstante houbo socios que manifestaron a necesidade de seguir a evolución dos trámites en curso para evitar retrasos inxustificables na súa posta en marcha.

Outra das peticións centrouse en reclamar maior celeridade para a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Melide, xa que na opinión de varios socios, a ausencia da normativa urbanística, que deberá ser adaptada á nova Lei do Solo, “afecta ó desenvolvemento do concello”. Segundo os asociados, que non estea aprobado o plan xeral causa “incerteza” nos veciños, que non saben a que normativa aterse en materia urbanística, e ademais frea as inversións no sector da construción, que se atopa gravemente afectado pola crise.

Por outra parte, os asistentes á asemblea xeral propuxeron á directiva reformas nas condicións dos socios, petición que tivo como resposta “a apertura dun proceso de reflexión sobre os dereitos e deberes dos asociados”.

Rodrigo Fernández Pombo
Ronda de Pontevedra,
113-bajo - 15800 Melide
981506495 - 678055942

**CONTRATA
TU SEGURO DE HOGAR**

**DESCONTOS
PARA SOCIOS
DE ASETEM-CCA**

**Y LLÉVATE
ESTA OLLA
DE REGALO**

Olla omega 4 litros ALZA
- Acero inoxidable 18/10.
- Fondo Sandwich Termofusor.
- Junta de cierre de silicona.
- Triple dispositivo de Seguridad.
- Para todo tipo de cocinas.

contigo

rodrigofernandez@segurosbilbao.com

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Convócase un novo curso de manipulador de alimentos

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) impartirá un novo curso de manipulador de alimentos o vindeiro mércores 9 de xuño, ás 17.00 horas.

A actividade celebrarase na sede da asociación, ubicada na rúa Lino Sexto Sánchez, 2, en Melide. Este curso ten un custo de 10 euros para os socios e de 30 euros para as persoas que non pertencen á organización. O encargado da formación, que terá unha du-

ración de catro horas, será o veterinario Juan Manuel González.

As persoas interesadas en acudir poderán inscribirse ata o día 7 de xuño. Deberán achegar unha fotocopia do DNI.

Debido a gran demanda deste tipo de certificacións, Asetem-Cca seguirá impartindo en datas próximas os cursos de manipulador de alimentos sempre que existan, como mínimo, uns dez alumnos interesados.

O público e un xurado de expertos decidirán os pinchos premiadas para cada categoría

Unha ducia de petiscos gratis para as fins de semana de xuño

Asetem-Cca organiza a primeira ruta de tapas en Melide

Sortearase un televisor e unha estancia nunha casa rural entre o público

O venres 4 de xuño será o pistoletazo de saída da I Ruta 'Melide de Tapas' que se celebrará durante as catro fins de semana do mes de xuño en doce locais de Melide. O concurso, organizado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca), trátase dunha "iniciativa pioneira coa que queremos promocionar a hostelería melidense e os produtos da comarca, co fin de atraer máis visitantes á vila", segundo explicou a presidenta do colectivo, Sonia Valiño.

No acto de presentación da ruta, Valiño, e a responsable de Compostelae Eventos -a firma que coordina a iniciativa-, Miryam Giménez, deron a coñecer os participantes e as tapas que prepararon. A ruta comeza no Sapo Lambón, que presenta 'Ovos de Sapo Lambón', segue na Fundación, con 'Croquetas de pulpo ao estilo Fundación'. A seguinte parada é o Bar Avenida, que ofrece 'Pementos recheos ao estilo Avenida', continúa no Chiquitín con 'Picadillo de champiñóns en salsa de zamburiña' e coas 'Empanadillas de pulpo' do Bar Principal. O Lar servirá 'Albóndigas con patacas', o BIG BEN 'Tortilla de pataca' e a Adegas Mandil poñerá 'Callos á galega'. Para completar o percorrido, haberá que probar a 'Tortilla con chourizo e xamón' da Cafetería Marta, o 'Pulpo á grella con queixo de Arzúa-Ulloa en salsa de gambas' da Pulpería Alongos, o



Sonia Valiño e Miryam Giménez no acto de presentación do concurso de tapas

'Arroz con bogavante' de O'Local e rematar coa 'Gervorla con gruyere e aceitunas' da Pizzería O Balde.

Tapas gratis

A presidenta de Asetem-Cca recalcou que as tapas son "totalmente gratuítas", xa que o propuxeron os propios hostaleiros. Neste senso, a responsable de Compostelae Eventos recalcou esta decisión, por que "nos tempos que corren decidiron poñer as tapas gratis para atraer máis xente e dinamizar Melide". Ademais, destacou a importante colaboración dos patrocinadores do concurso, porque "sen o seu apoio non sería posible realizar esta iniciativa". A maioría deles son empresas locais asociadas a Asetem-Cca.

Os pinchos serviránse tódolos venres de 19.00 a 22.00 horas, os sábados de 13.00 a 15.00 horas e de 19.00 a 22.00 horas e os domingos de 13.00 a 15.00 horas.

O concurso contará con catro premios: á mellor tapa, mellor tapa tradicional, innovadora e elaborada con produtos galegos. Será o propio público e un xurado de expertos o que decidirán os petiscos gañadores.

Para fomentar a participación, deseñouse un sistema de votación sinxelo que consiste en cubrir unha ficha tras probar a tapa e depositala nunha urna que haberá en cada local participante, puntuando o pincho do 1 ao 5 en cada categoría, segundo explicou Sonia Valiño. Entre tódolos cartóns de votación entregados sortearase unha fin de semana na casa de turismo rural O Fidalgo (A Pontenova - Lugo).


Pasaporte e premios

Aquelas persoas que desexen completar a ruta deberán recoller un pasaporte -na Oficina de Turismo do Concello ou en calquera dos bares participantes- que terán que ir sellando en cada un dos locais do concurso despois de probar as tapas. Se completan os doce cuños entrarán nun sorteo dun televisor Samsung de 32 pulgadas. Para participar no sorteo terán que entregar o pasaporte debidamente cumprimentado no Sapo Lambón (Avda. de Toques e Friol, 35). Unha vez finalizado o concurso, farase o recuento dos votos e a asociación poñerá en contacto co establecemento gañador en cada categoría e cos gañadores dos premios.

PARTICIPANTES

- Big Ben
- O Sapo Lambón
- O'Local
- Pizzería O Balde
- A Fundación
- Bar Avenida
- Cafetería Marta
- Mesón-Pulpería Alongos
- Bar Chiquitín
- Adegas Mandil
- Bar Principal
- O Lar

RUEIRO DA I RUTA 'MELIDE DE TAPAS'



RUEIRO FACILITADO POR INMOBILIARIA VILLAMOR

- 1 SAPO LAMBÓN
- 2 A FUNDACIÓN
- 3 BAR AVENIDA
- 4 CHIQUITÍN
- 5 PRINCIPAL
- 6 O LAR
- 7 BIG BEN
- 8 ADEGAS MANDIL
- 9 CAFETERÍA MARTA
- 10 MESÓN PULPERÍA ALONGOS
- 11 O'LOCAL
- 12 PIZZERÍA O BALDE

Os autónomos poderán cobrar o paro durante un ano a partir do 2011

A duración da prestación fíxase en base ó tempo que cotizara o traballador

Os trámites para que poida facerse realidade unha das principais reivindicacións dos traballadores autónomos -a prestación por cese de actividade- comezaron coa recente aprobación do dictame do proxecto de lei que regula a indemnización no Congreso dos Deputados.

A duración do paro estipúlase en base ó tempo que cotizara cada autónomo. Segundo se establece no proxecto, os traballadores por conta propia que cotizaran menos de 43 meses cobrarán o paro durante medio ano; os que o fixeran por un período de entre 43 e 48 meses terán oito meses de paro. No caso de que o período

de cotización se extenda máis alá dos 48 meses, a duración da prestación por desemprego ascenderá a un ano. Isto supón un aumento sobre a proposta inicial que o Goberno enviou ó Congreso, medio ano. Non obstante, o período máximo queda por debaixo dos dous anos que poden percibir os traballadores asalariados.

Pese a que o dictame foi validado por unanimidade polo Congreso, aínda faltan dous trámites para que a prestación dos autónomos sexa aprobada definitivamente. Primeiro ten que aprobarse no Senado e despois volver ó Congreso.

Para ter acceso á prestación por cese de actividade, os autónomos deberán cotizar de xeito continuado un mínimo de 12 meses inmediatamente antes da data de cese, o que lle daría dereito a percibir dous meses de paro.

A prestación non será menor de 589,26 euros mensuais e non poderá superar os 1.397,84 euros. A cuantía, du-

rante todo o período, será equivalente ó 70% da base pola que o autónomo cotizara durante o ano anterior ó cese da actividade.

Sistema mixto

O sistema que deseñou o Executivo baséase nos principios de contributividade, solidariedade e sustentabilidade.

Trátase dun modelo mixto, entre voluntario e obrigatorio, pois para poder cobrar o paro, os autónomos terán que cotizar ó mesmo tempo por accidentes laborais e enfermidades profesionais, contixencia que ata o de agora era voluntaria, salvo en determinados casos coma os dos autónomos economicamente dependentes e, nun futuro, os autónomos que operan en actividades profesionais cun maior risco de sinistrabilidade. O autónomo que en 2011 queira cobrar paro, terá que pagar durante este ano unha cotización adicional á Seguridade Social.

Aberto o prazo para que as Pemes soliciten xestores de innovación

A Consellería de Economía e Industria anunciou a apertura da convocatoria para que as Pemes (pequenas e medianas empresas) galegas soliciten a incorporación ás súas plantillas de xestores de innovación subvencionados pola Xunta. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 24 de xuño. Toda a información e os formularios están dispoñibles na plataforma www.rede-xiga.es.

A Xunta poñerá en marcha a Rede de Xestores de Innovación de Galicia (Xiga), que permitirá a incorporación de técnicos especialistas a 60 Pemes galegas. A Dirección Xeral de I+D+i formará ós expertos e cofinanciará os seus custos laborais durante os seus primeiros tres anos de ex-

periencia nas diferentes empresas.

Os xestores terán que identificar proxectos e potencial de I+D+i, analizar convocatorias de axudas públicas relacionadas coa innovación e definir, planificar e xestionar proxectos en empresas.

As Pemes participantes recibirán axudas para facer fronte ós custos de contratación. As subvencións serán dun 70% no primeiro ano, o 50% no segundo e o 30% no terceiro, sobre un importe máximo anual de 30.000 euros. A continuidade das axudas queda supeditada á presentación de resultados tanxibles no primeiro ano. O orzamento total para esta actuación é de cinco millóns de euros para o período 2010-2012.

As firmas beneficiarias deberán ter experiencia previa en iniciativas de innovación ou plans en firme de abordalas nun futuro inmediato, segundo especifican os requisitos do programa.

A incorporación laboral dos xestores producirase no segundo semestre deste ano.

Formación de expertos

Os aspirantes a xestores de innovación poderán presentar a súa candidatura ata o 24 de xuño. Deberán posuír unha titulación superior, dominar o inglés na escrita e na fala e ter carné de conducir. Recibirán 320 horas de formación en sistemas de xestión de I+D+i, xestión administrativa e económica de proxectos innovadores ou novas tecnoloxías.

Asetem tramita unha axuda para sinalizar as empresas do polígono

A falta de sinalización das distintas rúas e empresas que están instaladas no polígono da Madanela é unha das carencias que o parque industrial acarrea dende a súa posta en marcha. Debido ás dificultades de veciños e visitantes para localizar as firmas, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) tramitou un proxecto de sinalización no marco das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais que convoca a Xunta.

Tras recabar as opinións dos responsables das empresas instaladas no polígono, Asetem-Cca elaborou un proxecto

de sinalización que contempla a instalación de oito paneis informativos, sete deles indicativos de direccións de empresas -con dimensións 4x3 metros- e un xeral de entrada o parque de 8x3 metros.

A axuda conta co correspondente informe favorable emitido polo Concello de Melide. Os traballos deben contar coa autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural debido a que os terreos están no ámbito de afección do Camiño de Santiago.

Máis de 30 empresas beneficiaranse desta actuación de xeito directo, que tamén será de gran utilidade para os seus clientes.

A directiva reúnese con membros da Federación de Comercio da Coruña

Varios membros da Xunta Directiva de Asetem-Cca, entre os que se atopaban a presidenta, Sonia Valiño, e o secretario, José Ramón Villamor, mantiveron un encontro co presidente da Federación de Comercio da Coruña, Miguel Agromayor, e con Javier Pérez Bello, membro da Federación de Autónomos de Galicia (Feaga).

Na xuntanza, os represen-

tantes da federación provincial trasladaron o seu firme compromiso de apoio para as iniciativas futuras que desenvolva o colectivo melidense para contribuír ó desenvolvemento do tecido comercial na comarca, así como para a unión co Cca Vila de Melide.

No encontro tamén se dou conta das próximas actividades que realizará a asociación, coma o concurso de tapas.

Academia Aprende organiza cursos de informática gratis para traballadores

A Academia Aprende de Melide -asociada a Asetem-Cca- organizará cursos de informática gratuítos para traballadores.

O centro de ensino solicitará a súa participación nun programa de formación que organiza a Xunta de Galicia e que está cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Os cursos están destinados a persoas traballadoras ocupadas e non terán ningún tipo de custo económico para os alumnos. Celebraranse no ou-

tono deste presente ano, probablemente nos meses de outubro ou novembro.

Os interesados deben poñerse en contacto coa academia, a través do teléfono 981815432 antes do vindeiro xoves 10 de xuño. Tamén poden tramitar a súa inscrición nestas actividades a través de Asetem-Cca, no 981506188, por correo electrónico (info@asetem.com) ou achegándose á sede da asociación, ubicada na rúa Lino Sexto Sánchez de Melide.

A Fundación Félix Rodríguez de La Fuente recoñece o traballo de Casa Alongos

O negocio foi premiado pola divulgación do respecto ó medio ambiente

É un recoñecemento ó compromiso dun negocio de distribución de alimentación coa defensa dos valores da natureza. Casa Alongos de Melide recibiu a mención de “experiencia exemplar” do programa ‘Runa-Convergencia Rural Naturaleza’ que organiza a Fundación Félix Rodríguez de La Fuente. É dos primeiros establecementos en ter este recoñecemento en Galicia e o pioneiro na provincia da Coruña.

Concepción Casares e Francisco Lugrís rexentan este establecemento melidense dende hai unha década. Un

negocio familiar, que abriu as súas portas na década dos 50 da man de Manuel Casares e Benilde Mozo, a quen os seus sucesores brindan este premio. Daquela, o negocio estaba especializado na distribución de viños do Ribeiro e na actualidade sitúase á vangarda da promoción e distribución de produtos ecolóxicos, cuxa produción é respetuosa co medio ambiente. “Contribuímos a asentar e divulgar produtos que non están nas mans de grandes distribuidoras e que teñen tódalas garantías”, indica Concepción.

Loitan por un consumo responsable de produtos dos que se coñeza a súa orixe. “Queremos dar prioridade ó local nun mundo globalizado”, comenta Concepción, que advirte de que moitos alimentos que veñen importados poderían cultivarse en lugares máis próximos.

O recoñecemento da fundación do coñecido divulgador ambientalista non vén única-



Francisco Lugrís e Concepción Casares no stand da fundación

mente pola comercialización de produtos ecolóxicos, senón pola intensa participación e organización dos responsables de Casa Alongos en activida-

des como conferencias, obradoiros e catas.

Diversificación

En Casa Alongos pódense

mercar dende viños galegos ecolóxicos e de colleiteiro, zumes, cremas de verduras ou mermeladas ata legumes ou embutidos e hamburguesas vexetais e ecolóxicas. Concepción Casares, que define a ecoloxía como “a nova relixión”, recoñece que foi o feito de ser consumidora o que a levou a comercializar este tipo de produtos.

Fóra do ámbito da alimentación, Casa Alongos ten a distribución exclusiva para Galicia e Portugal dun chubasqueiro elaborado con fécula de patata, unha innovación da que dan boa conta os miles de peregrinos que fan o Camiño de Santiago. Concepción avanza que en breve sairá “unha segunda xeración deste artigo, máis perfeccionado”.

A utilización de bioplásticos despertou o interese da Universidade de Santiago ou Sogama polo traballo do establecemento melidense, que se erixe como unha firma “que cumpre cos seus compromisos”.

Os hostaleiros non terán que comunicar os cambios de prezos coa nova lei

A Consellería de Cultura e Turismo presentou recentemente a nova Lei de Turismo da comunidade. Unha das principais novidades é que os hostaleiros xa non terán que comunicar ó Goberno galego os cambios de tarifas. A nova lei elimina a obrigatoriedade de selar e comunicar os prezos ante a Administración turística, polo que outorga unha maior liberdade ós empresarios do sector. Non obstante, seguirá sendo obrigatoria a publicación dos prezos nun lugar visible do establecemento.

Na presentación da nova lexislación -que substitúe á anterior de 2008- a secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, explicou que esta decisión pretende “evitar os trámites burocráticos” relativos ó selado de prezos.

No relativo á autorización turística, só afectará ós campamentos. O resto dos establecementos só terán que presentar unha declaración de responsabilidade. Ademais, elimínase a obrigatoriedade de inscrición do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (Reat), que será practiciada de oficio.

Pardo explicou que a norma recolle o compromiso da Xunta de elaborar un plan de organización turística da comunidade para definir as áreas turísticas nas que se estrutura o territorio, co fin de mellorar a oferta turística galega. Contemplará a denominación de “xeodestinos turísticos”, para agrupar ós territorios que presenten características homoxéneas e onde se presente unha oferta diferenciada.

Quere recibir o Cerne tódolos meses na súa casa?

Suscríbese!

981506188
info@asetem.com

Tablas Racións Almorzos

Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques,35 - Melide

Reforma do IVE

Trala aprobación de diversa normativa sobre o IVE, o imposto afronta un gran cambio a partires de Xullo. As novidades máis destacables son:

1.- SUBA DO TIPO XERAL E O REDUCIDO. A partir do 1 de xullo, pasarán do 16 ao 18% e do 7 ao 8% respectivamente. O tipo superreducido do 4% non varía. Tamén aumentan as compensacións do réxime especial da agricultura, gandeiría e pesca pasando do 9 ao 10% para produtos agrícolas e forestais e do 7,5 ao 8,5% para produtos gandeiros.

2.- Recuperación de cuotas repercutidas en caso de facturas impagadas. Redúcese a seis meses o prazo para a consideración dun crédito incobrable, para empresarios que non superen no ano anterior os 6.010.121,04 € de volume de operacións.

Ademáis, non é necesario instar ó cobro da débeda por medio xudicial, xa que chega con facelo mediante requerimento notarial.

Tamén se permite a recuperación das cotas repercutidas en caso de créditos incobrables adebedados por Entes Públicos cando se acredite documentalmente o impago, ben por medio de reclamación xudicial, requerimento notarial ou mediante certificación do órgano competente do Ente Público.

3.- Redución do tipo de gravame nas obras de renovación e reparación da vivenda realizadas dende o 14 de Abril de 2010 e ata o 31 de Decembro do 2012, pasando a ser do tipo reducido sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O destinatario debe ser unha persoa física ou unha comunidade de propietarios e que a obra se destine para uso particular.
- A construción ou rehabilitación da vivenda debe ter acabado polo menos dous anos antes do inicio das obras de renovación ou reparación.
- Quen realice as obras non debe aportar materiais con coste superior ó 33% da base imponible da operación.

Con esta modificación exténdese a aplicación do tipo reducido a todo tipo de obras de renovación e reparación, como por exemplo a fontanería, carpintería, electricidade, pintura, escaiolistas, instalación, montaxes..., tanto na vivenda como en locais anexos, garaxes, instalacións e servizos complementarios, cando máis do 50% da edificación esté destinada a vivenda.

Na factura débese facer constar o coste dos materiais ou indicar que non superan o 33% da base imponible.

4.- Adaptación de determinadas directivas do Consello da Unión Europea en materia de IVE:

- A partir do 1 de xaneiro do 2010 e con algunhas excepcións, a regra xeral para a prestación de determinados servizos en países comunitarios é que tributa onde ten lugar o consumo.

Isto é así sempre e cando o prestador e o destinatario sexa un empresario, xa que se o destinatario é un particular, a operación tributa en orixe.

Existen unha serie de regras especiais para servizos relativos a bens inmoables, servizos de transporte, etc.

- Creación dun novo sistema de ventanilla única, co fin de que os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto, pero establecidos na comunidade, soliciten a devolución das cotas soportadas.

- Modifícase o contido e o prazo de presentación da declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias (modelo 349), xa que debe recoller tamén a información sobre as prestacións e adquisicións intracomunitarias de servizos.

Establécese un prazo xeral mensual de presentación, aínda que se as entregas de bens e servizos que deban informarse na declaración non superan nin no trimestre en curso nin en calquera dos catro anteriores o umbral de 100.000€ (50.000€ a partires do 1 de Xaneiro do 2012) poderase presentar trimestral.

...a peza que precisa a súa empresa

laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314

info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1.Subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES) (DOGA nº 91, do 14 de Maio de 2010)
Prazo: ata o 30 de xuño de 2010

Tipo de axuda: - Creación directa de emprego estable: máximo 6.000€

-Contratación de expertos técnicos de alta cualificación: máximo 18.000€

-Apoio a función xerencial: máximo 12.000€

-Subvención financeira: redución de ata 4 puntos do tipo de xuro

-Inicio e posta en marcha da actividade: máximo 8.000€ por posto de traballo e 2.000€ a maiores para centros de traballo ubicados en concellos rurais.

2.Incentivos á contratación das persoas traballadoras. (DOGA nº 86, do 7 de Maio de 2010). Prazo: ata o 30 de xuño de 2010

- Fomento da contratación indefinida inicial

-Incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos

-Incentivos á contratación temporal

3.Axuda a empresas de transporte público de viaxeiros para a adquisición de vehículos accesibles. (DOGA nº 96, do 24 de maio de 2010). Prazo: ata 2 de xullo de 2010
Beneficiarios: empresas de transporte público regular permanente de viaxeiros.
Importe: máximo 24.000€

4.Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego(I+E+E). (DOGA Nº 92, do 18 de maio de 2010) Prazo: ata o 30 de xuño de 2010

Tipos de axuda: - Subvención á xeración de emprego estable: ata 6.000€

-Subvención financeira: redución de ata 4 puntos do xuro

-Subvención para asistencia técnica: máximo 12.000€

-Subvención para o inicio da actividade

-Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras: ata 3.000€

Estes límites ampliáranse nun 25% para empresas con domicilio social e centro de traballo en concellos rurais.

5.Potenciación e mellora do turismo mediante a creación de aldeas de turismo

rural ou mellora de establecementos existentes e oferta complementaria. (DOGA Nº 98, de 26 de Maio de 2010). Prazo: ata o 26 de xuño de 2010.

Liñas de Axuda:

A)Creación de aldeas rurais

B)Mellora, modernización e remodelación de aldeas rurais e da súa oferta complementaria (hípica, golf, náuticas...)

C)Certificacións de calidade (Q do ICTE, Eco-label, ISO, EMAS)

Cuantías: Ata 40% PEMES, resto ata o 30% do investimento subvencionable

6.Subvencións a pemes, para a realización de proxectos para a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial (RSE). (DOGA Nº 101, de 31 de Maio de 2010). Prazo: ata o 30 de xuño
Beneficiarios: empresas privadas que non superen os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou que o balance anual sexa inferior a 43 millóns de euros; e con entre 5 e 250 traballadores.

Cuantía: ata o 100% dos gastos cun máximo de 8.000€

7.Axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo. (DOGA Nº 102, de 1 de Xuño de 2010). Prazo: ata o 1 de xullo
Beneficiarios: cooperativas agrarias e SAT sempre que realicen as actividades obxecto da axuda

Axuda: ata o 40% do investimento e un 50% en zona desfavorecida.

8.Subvencións a titulares de autorizacións de transporte público por estrada para o fomento das condicións de seguranza e da incorporación de novas tecnoloxías e melloras ambientais. (DOGA Nº 103, de 2 de Xuño de 2010). Prazo: ata o 16 de xullo de 2010

Beneficiarios: Persoas físicas ou xurídicas cuxa actividade sexa o transporte por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías.

Axuda: -Por cada copia de autorización MDP: 820€

- Por cada copia de autorización MDL: 103€

-Por cada copia de autorización VD para a realización de transporte discrecional: 448€

DIRECTORIO DE COMERCIO E EMPRESA

ASESORÍAS

CC Xestión

Florentino López Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto

Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTERAS

Canteras Rechinol

Arenal, 64 entrp. Izq, Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTE- RÍA

Blangar

Ctra. Lugo km 46, Melide
981505418
Carpintería José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34
981505013
Área de Servicio O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505104

Carnicería Mella

Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa Alongos
Avda. de Lugo, 22
981506392
Casa das Lucas
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Esquina Rosaleda
981506142
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas Hnos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7. O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribuciones Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino López Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Establ. El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Serv. Corredoiras
Corredoiras, 14, Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917
Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Froitas León
Progreso, 24
619469453

Frutas Gallego e Hijos

Laberco, S/N, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal Mariño
Eduardo Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino López Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981506434
Joyería Oro Ley
Rúa San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
Lácteos Terra de Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motorsport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Rosaleda,6 baixo
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46, Melide
981505734
Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366

Novavisión Óptica Arca

Avda. de Santiago, 42, Arca do Pino
649836742
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
**Panadería-Pastele-
ría Toques**
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
**Sociedad Coopera-
tiva Melisanto**
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros Industriales Cire
Pol. Ind. A Madanela, parc. 22
981507954
Supermercado Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981507027
Ultramarinos
Juan José
Mateo Segade Bugueiro, 39
981505103
Veterinaria Mónica Blanco
Mateo Segade Bugueiro,11
629507958

Xebre

Rda. de Pontevedra, 8
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU- CIÓN

C.S.A.

Rúa do Convento, 15-1º Izq.
981507374
Cervisa Sistemas Metálicos
Pol. Ind. A Madanela, *****

Const. Espiño

Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo Miguélez

Santa María, Melide

981505273

Const. Martínez

Cordido

Dr. Flemin, 1

981506051

Const. Orois

Codeseira, Melide

981507374

Const. Pambre

Fdez. Castro, 8

981505859

Const. Pichel Hnos

Avda. Estación, 2, Lalín

986780759

Costoya Varela, J.

Rda. de Pontevedra,51

1º Izq.

981507089

Excavaciones

Paradela

Ribeiro,s/n

Os Ánxeles, Melide

981505592

Escayolas

Jesús Fociños

Avda. Montserrat, 40

Esc. 3 piso L2,

A Coruña

981170550

Hormigones Carral

Sta. María de Veira, As

Travesas, Carral

981505025

Hormigones

Myhnor

Pol. Ind. A Madanela,

Parcela 30

981173616

Marmolería La Viña

C/ Lugo s/n, Arzúa

981500451

Marmolería Melide

Gosenxe, Rivadulla,

Santiso

981505518

Penas y Mosteiro

Avda. Toques y Friol

981504782

Química Industrial

Proquintas
Madanela
981505300
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981507116

AVOGADOS

Mª Jesús Iglesias

Sánchez
Rda. da Coruña, 29-1º Dcha.
981507608

HOSTELERÍA

Bodegas Curros

Rda. de Pontevedra,18

981505968

Bodegón Celta

Agüeiros, Melide

981505505

Café Chaplin

Cantón de S. Roque,17

981505355

Cafetería Ivory

Cantón de S. Roque, 1

981507901

Cafetería Marta

Cantón de S. Roque,13

981505346

Cafetería Ruada

Rda. de Pontevedra,95

981507537

Espect. Ángel

Seoane

Avda. da Habana, 15

981505328

Hotel Carlos 96

Avda. de Lugo, 119

981507633

O sapo Lambón

Avda. de Toques, 35

981505023

Parillada O Carbuco

Villamor, Toques

981504907

Parrillada Rúa

Avda. de Lugo, 50

981506076

Pazo de Eidián

Lugar de Eidián, 5

Agolada

986682545

Pulpería Alongos

Avda. de Lugo, 22

981507510

Pulpería Ezequiel

Cantón de S. Roque,46

981505291

ENXEÑERÍA

TÉCNICA

AGRÍCOLA

Javier López López

Rúa Xosé Ramón

Fdez. Castro, e

981505482

MEDIOS DE COMUNI- CACIÓN

Dez TV

C/B, 27, Lalín
986787036

SERVIZOS

Aprende Academia

Rda. de Pontevedra,10

981815432

Fisio- Vida

Florentino López Cuevillas, 16

981507047

Forinem

Avda. Toques y Friol

650375088

Happy O Local

Rda. Pontevedra, 44

669479252

Inmobiliaria

Villamor

Cantón de S. Roque, 8

981815330

Rural Tec

Florentino López Cuevillas, 16-3º

981507245

Tecnamelide

A Madanela, parc. 8o

981506388

Tecturis

Avda A Coruña, 39

2º C, Lugo

982242563

Xiganet

Rúa Progreso, 36

615929647

SOCIO COLA- BORADOR

Mª Carmen

Carreira Simón

Rda. da Coruña, 50 1º

981505280

TALLERES

Talleres Bertocar

Furelos, Melide

981505612

Talleres Leiva

Madanela, Melide

981505211

Talleres Mejuto

Sta. María, Melide

981505999

TRANSPOR- TES

Cabado Rguez, J.R.

Pezobrés s/n, Santiso

981517789

Gasogal S.L.

Emilio Camp,2

981506029

Transportes Sierra

Pol. Ind. Madanela,

parcela 79

981515818

A Deputación destina 870.000 euros para sete proxectos


A mellora de servizos no rural acapara case a metade dos recursos

Destínanse 60.000 euros para a cuberta das dúas pistas de pádel

O Concello melidense recibiu o visto bo da Deputación da Coruña para a posta en marcha de sete proxectos no municipio, que supoñen unha inversión total de 870.000 euros.

Case a metade dos fondos -430.000 euros- corresponden a tres proxectos destinados á mellora dos servizos nas parroquias do rural e que foron incluídos no Plan de Cooperación cos Concellos 2008-2011. O máis importante corresponde ó saneamento na parroquia de San Salvador, no lugar de Riocovo, cuxo orzamento ascende a 175.000 euros. No marco deste plan, tamén se farán varias actuacións nas aldeas de Santalla e O Ribeiro, onde se prevé a conexión á rede de saneamento existente.

As outras dúas actuacións,



As pistas de pádel cubriranse para poder usalas no inverno

que xuntas suman unha inversión de 255.000 euros, refírense á ampliación do abastecemento de augas en Vitoriz, San Salvador, O Barreiro e Furelos.

A maiores destas actuacións, o organismo provincial confirmou a aprobación doutros catro proxectos, que se desenvolverán trala sinatura dos seus respectivos convenios coa Deputación. Neste capítulo inclúense a posta en marcha do saneamento da parroquia de San Salvador -cun orzamento superior ós 80.000 euros-, a sinalización de parroquias e lugares no rural por 102.000 euros e a mellora de distintas

infraestruturas viarias, dotada dun investimento de 200.000 euros.

Cuberta das pistas de pádel

Unhas das actuacións máis demandadas polos veciños da vila, a cuberta das pistas de pádel, será executada cun orzamento de preto de 60.000 euros. Estas instalacións son unhas das máis solicitadas e nas épocas de bo tempo están permanentemente ocupadas, polo que o Concello quere acadar o seu “total aproveitamento” cando as condicións meteorolóxicas non sexan favorables, multiplicando a oferta deportiva no inverno.

O Concello salva o “risco de insolvencia”

Os ingresos superan ós gastos en máis de 188.600 euros

O Concello de Melide xa non está en risco de insolvencia financeira, tal e como manifesta o informe do departamento de Intervención sobre a Conta Xeral de 2009. “Desaparece, ao peche de 2009, o requirimento existente dende o ano 2005 para realizar un Plan económico financeiro para o Concello, que o levara á estabilidade orzamentaria”, recóllese no documento presentado recentemente na Comisión Especial de Contas.

O concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, asegurou que as arcas municipais están nunha situación de “estabilidade orzamentaria” e respaldou esta afirmación cos datos relativos ós ingresos e ó remanente de tesourería. No primeiro dos casos, os ingresos superaron ós gastos en máis de 188.600 euros; mentres que o remanente de tesourería é de 58.229 euros cando en 2006 era negativo, de menos 1,24 millóns de euros. Outro indicador presupostario que reflicte o estado das contas do Concello é o superávit por habitante de 247,21 euros.

O volume de endebedamento do Concello é do 44,15%, que xunto cos outros datos, é interpretado polos responsables de Intervención como indicador de que “desaparecen os riscos de insol-

venia que aparecían na Conta Xeral de 2006”.

Recuperación

Para o goberno local estas cifras indican que Melide “estase recuperando da gran depresión na que se atopaba en 2006”, tal e como se reflecía nos números dese ano, antes de producirse o cambio de goberno. Precisamente, foi nese mesmo ano no que o Consello de Contas de Galicia advertiu de que o melidense se atopaba “entre os corenta concellos galegos en risco de insolvencia”.

Neste senso, dende o Concello tamén aluden a un informe elaborado polo Servizo de Asistencia Económica a municipios da Deputación da Coruña que fala de que o concello “arrastra déficit dende o 2005. A situación deficitaria débese ao incorrecto financiamento dalgún ou dalgúns presupostos de exercicios anteriores ao ano 2007”.

Despois de que os datos da Conta Xeral -balance, conta de resultados económicos patrimoniais, estado de liquidación dos orzamentos e memoria- se presentaran na citada comisión, o goberno local prepara un acto público no que informará á veciñanza sobre a situación económica do Concello.

Fomento reitera a promesa de pronta resolución do trazado da autovía A-54

En resposta a unha pregunta formulada por escrito no Congreso polo deputado do BNG, Francisco Jorquera, sobre a situación do trazado da A-54 no tramo entre Arzúa e Palas de Rei, o Ministerio de Fomento asegurou que a súa vontade é de “solventar esta situación cuanto antes, a fin de no retrasar la ejecución de esta actuación”. Fomento refírese ó conflito xurdido coa Xunta, despois de que o Goberno autonómico emitira un informe

no que se recomendaba estudar alternativas ó trazado aprobado provisionalmente debido á afección sobre o Lugar de Interese Comunitario (LIC) Serra do Careón.

Por outra banda, a senadora do PP, María Jesús Sainz, presentou unha batería de preguntas na cámara alta a instancias dos populares de Arzúa, entre as que se pide información sobre as previsións de execución e fin de obra do tramo Arzúa-Palas.

ESPAÑA
ALEMANIA
FRANCIA

LUXEMBURGO
SUIZA

HOLANDA
BELGICA

ITALIA
PORTUGAL
AUSTRIA



SIERRA

TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

Manuel Vázquez García

Tfno./Fax: 981 50 79 10 manuel@transierra.es
Móviles: 610 52 34 50 / 51 Parque Emp. La Madanela, nave 79
www.transierra.es 15800 MELIDE (A Coruña)

Lavado de cara para o parque do Multiusos

As obras non comezarán ata, alomenos, o mes de xullo

Instalarase un sistema de rego automático para o céspede

Unha das zonas de lecer con máis vida de Melide afrontará nos vindeiros meses un proceso de “renovación integral”. O parque do Multiusos cambiará por completo de aspecto debido ás obras que o Concello proxecta acometer na zona. Os traballos afectarán a todo o espazo axardinado, ao mobiliario urbano e aos accesos peonís. O orzamento da obra, que foi solicitada á Deputación da Coruña, ascende a 170.000 euros.

Na actualidade, o parque conta con zonas bastante deterioradas, sobre todo no que se refire ó enlousado que limita coa zona arborada. As raíces dos árbores amenazan con levantar o pavimento. Na rúa Rosalía de Castro, a parte das beirarrúas que limita coa zona verde está en mal estado, polo que se repoñerán tódalas lousas danadas.

O proxecto de mellora contempla colocar un novo pavi-



Vista da zona arborada do parque do Multiusos

mento nos camiños que hai entre as pistas deportivas e o xardín, que actualmente están cubertos de grava que é arrastrada e chega ás pistas deportivas, co conseguinte perigo para os usuarios. Ademais, impide o tránsito de persoas que levan carriños de nenos ou cadeiras de rodas.

O céspede será renovado completamente e instalarase un sistema de rego automático. Tamén se abrirán novos sendeiros e adecuáranse os existentes.

No aspecto estético, as farolas actuais serán substituídas por luminarias residenciais no caso das zonas peonís e por

iluminación de bolardeos no espazo arborado. Instalaranse dúas fontes, 21 bancos e sete papeleiras máis.

Con todas estas actuacións, o goberno local busca converter o parque “na mellor zona verde, de ocio e descanso de Melide”.

Comezo dos traballos

A obra atópase en fase de adxudicación. Concurriron un total de 18 empresas, polo que este elevado número fara que o proceso sexa “máis complexo e lento”, segundo indicaron dende o Concello. O comezo das obras retrasarase ata, alomenos, o mes de xullo.

Presentado o proxecto de mellora de sete viais



Estrada que une o colexio da Martagona e a N-547

O Concello de Melide presentou ante a Deputación da Coruña un plan de mellora para sete viarios do municipio, correspondentes a zonas do núcleo urbano e a tramos da rede viaria de varias parroquias. O orzamento total do proxecto achégase aos 200.000 euros.

A renovación afectaría a máis de oito quilómetros de estrada, dos que máis de catro corresponden á comunicación entre as parroquias de Maceda -dende o lugar de Castiñeiroa- e Orois, onde se aplicará novo asfalto sobre todo o firme e se fará unha limpeza de cunetas para todo o treito.

O arranxo do tramo que separa o colexio público da Martagona da estrada N-547, á altura da capela da Cruz de Furelos é a actuación que precisa o maior investimento de todo o proxecto. Este tramo conta con moita circulación,

xa que transcorre por diante da cooperativa Melisanto e tamén é o máis utilizado polos autobuses escolares que van ao colexio e ao IES de Melide. Precisarás dun investimento de 53.000 euros e recibirá un tratamento con aglomerado en quente.

Outros dos viarios que foron incluídos neste proxecto son os de Corbelle, Zaramil e San Martiño de Reboredo.

Preto do centro de Melide, tamén se contemplou a mellora do Camiño dos Ferreiros, moi empregado polos veciños da vila para acceder á piscina municipal e tamén á zona de Catasol.

Para a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, o obxectivo dos traballos será “mellorar a seguridade vial nestas zonas, actuando na mellora do firme, na ampliación das cunetas e na limpeza dos tramos”.

Inícianse as reformas en tres locais sociais do rural

Hais uns días comezaron os traballos de mellora en tres locais sociais do rural melidense. Os escollidos son o do Leboreiro, Furelos e Piñor. O orzamento das obras, que foron incluídas no segundo Plan E, ascende a 31.700 euros.

Os traballos comezaron polo local parroquial do Leboreiro, que se está empregando tamén como parada para os peregrinos. As melloras afectan tanto ao exterior como ao interior do inmoible. Na parte

externa realizouse unha limpeza de todo o terreo e a instalación de varias arquetas. Ademais, pintárase a fachada e as reixas das fiestras e colocáranse canles e baixante para a recollida de pluviais. No interior, pintárase a carpintería e o falso teito de madeira.

Nas próximas semanas comezará tamén o arranxo dos locais de Xubial, Santalla, Gondollín e Folladela, incluídos dentro do PAC da Deputación, cun orzamento superior ós 32.600 euros.



O Concello proxecta a sinalización de tódalas parroquias e lugares

Instalaranse case 600 indicadores para cumprir coa actual normativa

O Concello melidense elaborou un proxecto para sinalizar tódalas parroquias e lugares do municipio. Deste xeito, o equipo de goberno local quere poñer solución a “un dos principais problemas de comunicación infraestrutural” que teñen na actualidade as 26 parroquias do concello.

Instalaranse un total de 587 sinais verticais, nas que se indica o nome do concello, da parroquia e da aldea ou lugar concreto. Segundo explicou a alcaldesa melidense, Socorro Cea, en tódolos sinais figurará o nome da aldea e da parroquia á que pertence, “un dato que non figura agora en ningún sinal dos que hai colocados no rural”.

Entre os indicativos distínguese aqueles que indican a entrada ou saída nunha aldea ou parroquia, os de frecha para indicar dirección. Ademais, tamén se contempla a instalación de sinais indicadores da situación de construcións ou lugares de interese, como é o caso das igrexas e ca-



Tódalas aldeas e parroquias de Melide terán nova sinalización

pelas, os cruceiros, muíños, as casas grandes ou pazos.

Esta actuación ten un orzamento total de 102.000 euros.

O prazo de execución do proxecto, que foi presentado ao vicepresidente da Deputación e xa foi aprobado polo organismo provincial, é de tres meses.

Confusión

A falta de sinais indicativos en

moitas das parroquias e lugares melidenses ou o seu estado deteriorado dificulta o tránsito polas estradas do rural, creando incluso confusións ós visitantes. O Concello de Melide indicou que os indicadores que hai actualmente non cumpren a normativa vixente, que esixe que as letras estean rotuladas en cor negra dentro dun cadrado vermello e cunha tipoloxía concreta.

As resolucións de axudas a dependentes aumentaron nun 70% con respecto ao exercicio anterior

Uns 41 veciños cobran as prestacións actualmente

As resolucións das axudas relativas á Lei de Dependencia entre os veciños de Melide incrementáronse nun 71,43% no último ano en relación co exercicio anterior, segundo informou a voceira do PP local, Ánxeles Vázquez.

Tras reunirse coa deputada autonómica Paula Prado, Vázquez informou de que o pasado mes de decembro 24 familias melidenses recibiron os atrasos correspondentes á época do anterior goberno da Xunta. Ademais, indicou que no último exercicio tamén au-

mentaron nun 34% as solicitudes deste tipo de axudas no concello, datos que calificou como “alentadores”. Así as cousas, na actualidade son 41 os veciños de Melide que perciben este tipo de axudas.

En relación con este asunto, a voceira dos populares de Melide destacou “o impulso que a Consellería de Traballo e Benestar está a dar ó concello, algo que se pon de manifesto na posta en marcha da residencia e do centro de día”. Neste senso, Vázquez critica “os catro anos perdidos do go-

berno local en materia de servizos sociais” e denuncia que a oficina que se alugou para tramitar as solicitudes dos dependentes está pechada.

Nove meses de trámite

Actualmente, segundo os datos da Consellería de Traballo e Benestar, o período de tramitación das axudas é de nove meses, a metade que na época do bipartito. Trala recente aprobación do decreto que regula este tipo de prestacións, a Xunta quere reducir este prazo a seis meses.

O goberno melidense non contempla a inmediata aprobación do PXOM

A alcaldesa de Melide, Socorro Cea, explicou recentemente no pleno ordinario mensual que o goberno local non contempla a aprobación inmediata do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Así o confirmou en resposta a unha moción presentada polo PP de Melide para urxir avances na tramitación da normativa urbanística municipal. Os populares protestaron polo retraso na aprobación inicial do plan xeral, xa que os traballos de redacción remataron en setembro do ano pasado e a norma tería que estar aprobada no primeiro trimestre de 2010. A voceira do grupo popular, Ánxeles Vázquez, advertiu á rexedora que

“sería grave que o retraso fora intencionado”.

Cea adiantou que explicarán os motivos polos que aínda non se aprobou o documento nunha xunta de portavoces que se celebrará na segunda semana de xuño.

Respecto á necesidade de adaptación á nova Lei do Solo -que entrou en vigor hai uns meses-, a rexedora melidense explicou que “habrá que adaptalo obrigatoriamente á nova lei”. Non obstante, aclarou que aínda non se fixo ningunha modificación xa que “a día de hoxe nin a propia Xunta ten claro se hai que comezar de novo ou valen os traballos que están feitos, modificando soamente aspectos concretos”.

Unha ducia de maiores participa no Voluntariado da Sabedoría no Camiño

A través do programa Voluntariado da Sabedoría, organizado pola Dirección Xeral de Voluntariado, doce maiores melidenses poderán estar en contacto cos peregrinos que pasen por Melide para transmitirle a sabedoría popular oral. Mediante esta iniciativa, que busca favorecer a convivencia interxeracional, os participantes achegaranse ao Camiño Francés para contar contos, lendas e compartir a rica tradición oral cos peregrinos.

Dende a Concellaría de Igualdade e Benestar, que impulsou o proxecto, aseguran que foi acollido “con moito interese e gran demanda”. A titular do departamento municipal, Casé Rodríguez, asegura que “é unha oportunidade para dar a coñecer os tesouros da nosa cultura, que moitas veces só están recollidos na memoria dos nosos maiores”. Ademais dos encontros cos peregrinos tamén farán un programa de psicomotricidade.

‘Río Furelos’ organiza unha xornada de pesca e solta

A Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide organiza unha actividade de pesca e ceiba para o próximo sábado, 12 de xuño. A xornada comezará ás 9.00 horas e rematará ás 13.30. Realizarase no couto do río Furelos, baixo a modalidade de pesca e solta, con anzós sen arponcillo e cullerías cun só anzó para evitar a morte das capturas.

Os interesados deben inscribirse no 696607348 ou enviando un correo electrónico a

asociaciontroiteiros@gmail.com xa que as prazas son limitadas.

Trala actividade, os participantes realizarán unha saída de río. Pasearán polas beiras do Furelos para analizar o estado do curso e a flora e a fauna do ecosistema. Esta iniciativa enmárcase na campaña de concienciación ambiental que desenvolve o colectivo de troiteiros e que leva por lema ‘Os ríos son o ouro de Galicia. non os utilices como medio de transporte de lixo’.

Os concellos da zona ven “limitada” a súa capacidade de actuación ante as medidas adoptadas polo Executivo central

Buscan fórmulas para afrontar a “importante” redución de ingresos

A medida adoptada recentemente polo Goberno central para evitar o endebedamento a longo prazo dos concellos ata 2012 foi recibida de forma similar polos rexedores dos concellos da comarca. Todos aceptan de xeito resignado esta medida, xa que entenden que a “complicada” situación económica precisa da adopción de certas decisións para poñer freo ó endebedamento das Administracións. Non obstante, advirten de que a marxe de manobra dos concellos queda “moi limitada” para os próximos anos.

A alcaldesa de Melide, Socorro Cea, asegura que esta medida non afecta ó concello, posto que non teñen previsto suscribir ningún crédito de aquí a finais de ano. Pese a todo, Cea valora que o Goberno central rectificara sobre o prazo límite para solicitar créditos, ampliándoo dende xuño ata finais deste ano.

Todo o contrario ocorre no consistorio de Toques, onde o alcalde, Jorge Calvo, apunta a



As Administracións locais enfróntanse á redución de ingresos

que “posiblemente tengamos que pedir un préstamo”, algo que farán despois de calcular a diminución dos ingresos para este e o próximo exercicio. De solicitalo, sería o único crédito que ten suscrito o concello.

No Concello de Santiso, actualmente está aberto un proceso de contratación dun préstamo, aínda que esta medida “é anterior” á adoptada polo Executivo estatal.

Redución dos ingresos

Os alcaldes amósanse preocupados pola redución de ingresos procedentes da Administración central, que será dun 40% entre o 2010 e o 2011. “É unha merma importantísima para os concellos”, apunta Leiva, e asegura que en Santiso “non temos problemas para pagar as nóminas nin outros gastos correntes, porque temos o persoal mínimo”.

No caso de Melide, esta merma podería afectar ó pagamento de servizos básicos, xa que estes fondos destínanse fundamentalmente ó pago de servizos correntes. “Se os concellos imos ter que aportar recursos para afrontar estes gastos, teremos que deixar de invertilos noutras actuacións”, razoa Cea.

Toques contempla habilitar certas taxas municipais para facer fronte á redución na entrada de fondos nas súas arcas.

Rebaixa de soldos

Entre outras das medidas que adoptarán as Administracións públicas ante a situación de crise goblal figura a redución dos soldos dos alcaldes. O alcalde de Santiso mantén que “debería facerse en proporción ó salario e a partir dun mínimo”. Aínda así, acatará as ordes da Federación Galega de Municipios e Provincias, como tamén o fará Cea, que non ten “ningún tipo de problema” en que se reduza o seu soldo.

Concorrida procesión do San Cidre en Toques

Trátase dunha das festas con maior raigame popular do Concello de Toques e, por extensión, da comarca de Melide. A procesión do San Cidre contou este ano coa presenza duns 70 fieis que aproveitaron a coincidencia do 15 de maio en sábado para render tributo ó santo dos labradores.

Tras saír da igrexa de Paradela, sobre as 8.30 horas, os fieis realizaron o habitual percorrido ata a capela moderna do San Cidre, ubicada na cima do monte, onde en tempos pasados se levantaba a antiga capela. Agora, un cruceiro érguese no lugar sinalizando os terreos que ocupaba o anterior templo.

Os devotos realizan un longo percorrido, duns 10 quilómetros, para subir ata a capela do santo e volver coa imaxe a Paradela.

Conta a lenda que a nova capela construíuse despois de que a imaxe, que fora trasladada á igrexa de Paradela -onde segue depositada na actualidade-, “escapara” deste templo para volver ó seu lugar orixinal.

Veciños de Santiso barallan protestas ante a falta de avances no arranxo da vía Melide-Visantoña

Reuniranse a comezos de xuño para coñecer o estado dos trámites

A paciencia dos veciños de Santiso cos retrasos no arranxo da estrada que une a parroquia de Visantoña co casco urbano de Melide está a piques de chegar ó seu límite.

Hai uns seis meses, en decembro do ano pasado, varios representantes da Deputación da Coruña -organismo titular da vía- achegábanse a Santiso para confirmar que nun breve período se trasladarían á Xunta os expedientes para que iniciara os trámites de expro-



Cruce da carretera que se dirixe a Visantoña, en Melide

piación dos terreos afectados. Pasado este tempo, dende a Asociación Cultural e Veciñal ‘O Noso Lar’ de Visantoña,

amosan o seu malestar pola falta do informe de declaración de urxente expropiación, “un mero trámite sen o que

non se poden comezar os traballos”, critica o presidente do colectivo, Manuel Adán.

Ante esta situación, a asociación convocará ós alcaldes de Santiso e Melide, a representantes de asociacións e ós veciños para unha reunión o próximo día 9 de xuño, mércores, ás 22 horas, en Visantoña.

‘O Noso Lar’ pretende “buscar unidade” entre tódolos afectados para emprender medidas de protesta co fin de desbloquear os trámites. Barallan a realización de marchas lentas os domingos, nas que os vehículos circulen pola estrada en cuestión ata chegar a Melide. Non obstante, están abertos a calquera tipo de propostas para chamar a atención sobre esta situación, que se prolonga dende anos atrás.

Adán asegura que o desenvolvemento do proxecto “depende totalmente da Xunta” e critica que se achacarán as alegacións formuladas ao trazado polos veciños os “inxustificables retrasos”. “As alegacións foron as rutinarias e pertinentes, os veciños non entorpeceron o proceso, é a Administración quen o bloquea”, asegura.

Máis implicación

O presidente de ‘O Noso Lar’ reclama maior implicación por parte dos rexedores dos concellos afectados. “Tiñan que haber solucionado este problema eles, non a sociedade civil”, mantén. “Non chega con que amosen o seu apoio nas reunións, teñen que implicarse o resto do tempo”.

‘Antonte na miña aldea’ repasa a historia de Toques no século XIX

A través do achado de diversos documentos, o autor de ‘Antonte na miña aldea’, Serxio Villamor Liñeira, foi recompoñendo os acontecementos máis relevantes da historia de Toques comprendidos entre os anos 1795 e 1895.

O traballo recolle feitos dos ámbitos histórico, etnográfico e cultural, recompilados a partir de documentación da época que se mestura na obra con fragmentos novelados. Teñen especial importancia as relacións dos antepasados do autor, orixinario de San Xiao do Monte, co seu contorno, así como as dos veciños do concello co mosteiro de San Antón ou cos Franciscanos de Melide. A obra tamén recolle vivencias das familias das casas Pardiñas e Calderón, que foron importantes no des-



Bande e Villamor na presentación da obra

envolvemento das propiedades do concello na época que narra o libro.

Destaca a labor de recollida da toponimia menor que reflexa os nomes de lugares, prados ou montes, así como o

galego vehicular que se usaba na época.

‘Antonte na miña aldea’ foi presentado ante os veciños polo autor e a concelleira de Cultura de Toques, Cruz Bande, o pasado 22 de maio.

Sobrado promociona o Camiño do Norte cunha peregrinación

Co obxectivo de promocionar o Camiño do Norte, o Concello de Sobrado organizou unha peregrinación a Compostela, á que se apuntaron unhas 30 persoas. O grupo está formado por veciños de tódalas franxas de idade, aínda que predominan os menores de 55 anos.

A ruta, que ten uns 55 quilómetros, está dividida en tres etapas, das que xa se realizou a primeira, comprendida entre Sobrado e Orxal (Arzúa). As seguintes etapas son de Orxal a Arca do Pino -14 quilóme-

tros- e de Arca a Santiago -19 quilómetros- e faranse o 12 e o 19 de xuño, respectivamente. Dende o Concello aceptan novas inscricións, aínda que é obrigatorio realizar os dous tramos que restan. Os interesados poden anotarse na Casa do Concello, no edificio de usos múltiples ou chamando ó 981787508 ou 981787710.

O horario de saída é ás 9.00 horas da Praza do Concello, dende onde os participantes se trasladarán en autobús ata o comezo de cada etapa.

Aumento de peregrinos

A afluencia de camiñantes na ruta do Norte estase incrementando de xeito notable dende hai varias semanas, segundo confirmaron dende o Concello. Predominan os peregrinos de orixe europea, sobre todo alemáns e ingleses. Nestes momentos, hai 5.700 reservas para pernoctar no pavillón da vila -correspondentes a grupos organizados-, cifra que aumenta cos peregrinos que se hospedan no albergue do mosteiro.

Os maiores de Santiso celebran a súa festa

Unhas 150 persoas congregarónse o pasado 30 de maio para celebrar a II Festa dos Maiores, organizada pola Asociación Cultural e Veciñal ‘O Noso Lar’ de Visantoña. Foron convidados todos aqueles socios xubilados tanto de Visantoña coma de Ribadulla e

Beigondo. Os asistentes celebraron un xantar cun menú tradicional no que non faltou a empanada, o polbo e a carne asada.

Actuou a charanga ‘Os Amigos de Visantoña’ e houbo un serán adicado á práctica de xogos tradicionais.

ESTACIÓN DE SERVICIO Corredoiras

Nº E.S. 15585

Juan López Sánchez N.I.F.: 34258362-T



Corredoiras

Tel.: 981 51 60 04

Boimorto (A Coruña)

MOI PRETO DE TÍ.....



EN MELIDE

E ADEMAIS



NA RUA DO CONVENTO 21 E 36

A música da Terra de Melide escoitouse en Santurtzi



Actuación do 'Grupo de Baile e Música Tradicional da Terra de Melide' en Santurtzi

O 'Grupo de Baile e Música Tradicional da Terra de Melide' formado por 30 compoñentes dos grupos Herba Grileira de Melide e A Maristela de Sobrado actuou nos actos de celebración do Día das Letras Galegas en Santurtzi (Bilbao).

Os melidenses foron convidados pola Corxa de gaitas Aíriños Galegos Doce Albor da localidade vasca, despois de que esta formación participara na sexta edición da Foliada de Melide durante a última fin de semana de abril.

A presenza de músicos da Terra de Melide nos actos festivos -organizados pola Casa de Galicia en Santurtzi- completouse coa charanga 'Os Amigos' de Visantoña.

Nas actuacións e pasarrúas participaron grupos de diferentes comunidades, entre os que había txistularis e grupos de danzas vascas, dulzaineiros de Castela e León, ademais dos representantes da música tradicional galega.

Mostra sobre o liño

A celebración das Letras Gale-

gas, que se estendeu na semana previa ó 17 de maio, complementouse cun concurso gastronómico, conferencias e unha exposición sobre o proceso de elaboración do liño, organizada polos músicos melidenses.

Esta última foi unha das actividades que maior expectación suscitou, xa que a mostra contiña os aparellos utilizados durante todo o proceso de tratamento e unhas fichas explicativas con cada un dos traballos, dende a sementeira ata a conversión en fío.

Os melindreiros venderon uns 4.000 quilos de doce na súa festa

A XIX Festa do Melindre e da Repostería Tradicional da Terra de Melide foi posta de longo da asociación de reposteiros 'Terra Doce', que agrupa ás catro casas melindreiras da localidade -Estilo, Tahona, Trisquel e Melchora-. O concelleiro de Promoción Económica, Antonio Díaz, subliñou que a constitución deste colectivo supón "o primeiro paso para que os melindres, ricos e amendoados sexan distinguidos con etiqueta de calidade e que a festa poida ser recoñecida de interese turístico".

Pese ás malas condicións meteorolóxicas, o certame non

se viu deslucido. Os melindreiros viron cumpridas as súas expectativas, xa que entre as casas reposteiras -cuxos postos estiveron instalados na céntrica Praza do Convento- vendéronse uns 4.000 quilos do recoñecido doce, que tamén se distribuíu de xeito gratuíto entre os asistentes á festa gastronómica.

Os actos comezaron co pregón da escritora de orixe melidense Inma López Silva, que rememorou a súa infancia e os seus recordos dos doces típicos a través dun conto.

Por terceiro ano rendeuse homenaxe ós oficios tradicio-

nais. Nesta ocasión personificado na figura de Manuel Lodeiro, "o ferreiro", que na persoa da súa viúva recibiu o recoñecemento pola súa achega á cultura propia da comarca.

Artesanía e alimentación

Nas rúas lindeiras á praza instaláronse varios postos con produtos artesanais e alimentación. Entre estes últimos atopábanse varias firmas asociadas a Asetem-Cca, como a distribuidora de carnes e embutidos O Carrizo ou Xebre, adicada á venda de produtos con denominación de orixe.

Xosé Vázquez Pintor xa ten a súa rúa en Cangas



Inauguración da rúa Xosé Vázquez Pintor en Cangas

O escritor de orixe melidense Xosé Vázquez Pintor, recibiu unha homenaxe dos seus veciños de adopción o pasado 21 de maio. Vázquez Pintor xa ten unha rúa na aldea de Coiro, no concello de Cangas.

No acto, o escritor recordou emocionado as súas orixes,

tanto en terras melidenses como en Agolada. Á homenaxe acudiu toda a corporación do concello de Cangas e numerosos veciños e amigos do autor, entre os que se atopaba o melidense Xosé Domingos Fuciños, que interpretou unha peza tradicional.

'Os Melidaos' presentan o seu primeiro disco



Momento da presentación do disco de 'Os Melidaos'

O grupo de música tradicional 'Os Melidaos' presentou recentemente o seu primeiro disco, baixo o título de 'Que ben baila, que ben baila'. O traballo, do que se editaron unhas 300 copias, contén 11 pezas, entre musicadas e cantadas. O disco sae á luz 34 anos despois de que o grupo 'Froito Novo' editase o seu traballo 'Esperta Galicia'.

No acto de presentación, o

grupo estivo arroupado por veciños e amigos e por membros de agrupacións coma o Orfeón Treixadura ou Cántigas da Terra.

Co seu primeiro disco, 'Os Melidaos' queren render unha homenaxe "a todos os músicos populares, anónimos e recoñecidos, que contribuíron a que a música tradicional e os instrumentos populares formasen parte do noso ser como pobo".

O albergue de Melide retrasa a apertura por falta de mobiliario

O Concello reclama axilidade ó Xacobeo



A reforma do exterior do edificio está practicamente rematada

O albergue de peregrinos de Melide nonpoderá abrir as súas portas a finais de maio -data prevista para o remate da reforma pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo- debido a que non se realizou a compra de mobiliario.

Días atrás, a alcaldesa de Melide, Socorro Cea, remitiu unha carta ó xerente do Xacobeo, Ignacio Santos, onde lle amosaba a súa “preocupación porque aínda non se iniciaran os procedementos necesarios para a compra do mobiliario que necesita o albergue”. Dende a alcaldía explicaron

que o período mínimo dende o inicio destes trámites ata a instalación definitiva é de 15 días. Os mobles que se precisan son unicamente as camas, cadeiras e mesas. Deste xeito, a apertura do albergue podería demorarse ata ben entrado o mes de xuño. Ante esta situación, dende o Concello informaron ó Xacobeo que no mes de maio houbo xornadas nas que se viron superadas as prazas do albergue provisional -ubicado no Pazo de Exposicións e Congresos- polo que o remate das obras na instalación reformada é “urxente

e necesario”. Así, a rexedora municipal reclamou “que se axilicen ao máximo os trámites administrativos para dotar ao albergue de mobiliario interno”.

O prazo de execución das obras estableceuse en cinco meses. Comezaron con retraso, en novembro de 2009, trala petición do Concello de que se fixeran en setembro, trala época de máxima afluencia de peregrinos. A inversión feita polo Xacobeo chega case ós 690.000 euros, entre a reforma do edificio e a instalación do albergue provisional.

O Camiño xa ten a súa enciclopedia

Recolle información histórica, artística e humanística da ruta

Englobar a cultura común que os Camiños de Santiago foron configurando ó longo dos séculos e ofrecer a resolución de dúbidas de xeito rápido e conciso. Este é o obxectivo para o que foi concebida a Gran Enciclopedia do Camiño de Santiago, dirixida polo xornalista e profesor da Universidade de Santiago, Manuel Rodríguez.

A obra ofrece a visión máis completa do Camiño de Santiago desde as súas orixes ata a actualidade. Para a súa elaboración contou coa participación de máis de 40 expertos nacionais e estranxeiros. Tamén colaboraron asociacións e cofradías do Camiño, peregrinos, centros de estudos xacobeos e universidades de varios países.

En 18 tomos e ó longo de 4.000 páxinas, a enciclopedia trata a orixe e o desenvolvemento da ruta xacobeas, atendendo tamén ó seu presente. A información, distribuída en 3.000 entradas, está complementada con máis de 2.000 fotografías e 100 gráficos, ilustracións e mapas e estruturada co obxectivo de facilitar unha rápida e exhaustiva consulta. Recolle información sobre todo tipo de termos, conceptos, ideas, personaxes, itinerarios,

tradicións e lendas do universo xacobeo.

Trátase dunha obra única e cun enfoque inédito, xa que nunca antes se ordenaran os termos xacobeos en forma de dicionario enciclopédico.

Para facilitar as buscas, o traballo complétase cunha cronoloxía que facilita a accesibilidade e consulta da obra.

Presentación en Bruselas

A Gran Enciclopedia do Camiño de Santiago foi presentada en Bruselas, nun recoñecemento da dimensión europea do Camiño.

A obra trascende as fronteiras europeas e chega, segundo explicou o seu director, onde chegou a figura do apóstolo Santiago. Ademais das referencias en países como Suíza, Polonia ou Eslovenia, tamén recolle información da cultura xacobeas en países como Perú, Nova Zelandia, Cabo Verde, Israel ou Filipinas.

A obra distribuirase por diversas canles, tanto en España coma en Europa. Inicialmente poñeranse no mercado máis de 200.000 exemplares.

Ademais, trabállase nun proxecto para que a obra poida ser consultada a través de Internet.

**CAL É O TEU
RECUNCHO FAVORITO
DOS CAMIÑOS DE
SANTIAGO
NA COMARCA?**

**Envíanos unha foto
e un comentario a**

info@asetem.com

Un recuncho do Camiño na comarca



Hórreo tradicional galego na rúa Travesía de San Antón (Melide)

A perversión da crise

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo



Dende o comezo da crise sempre nos explicaron que ésta debíase á conxuntura económica internacional, con especial relevancia e virulencia no Estado español dado o modelo produtivo centrado principalmente no “ladrillo”, no turismo e na alta demanda interna e, polo tanto, unha inadecuada exportación de mercadorías na porcentaxe axeitada; unha problemática que afecta internacionalmente aos mercados, ás inversións, aos paraísos fiscais, ao enriquecemento duns poucos en detrimento duns moitos... e unha dinámica estatal baseada no momento e sen miras a longo prazo.

Ben, aínda que ditas explicacións non nos convenceron en demasía, maioritariamente aceptáronse ditos argumentos. Sen embargo, nos últimos días aparecen certos persoeiros, políticos e algúns que outros pseudoeconomistas que están a evocar a seguinte mensaxe: as persoas tiveron unha alta responsabilidade na crise porque pretendían vivir por riba das súas posibilidades. Ao escoitar dita afirmación, eu non acabo de *perceber muito bem* ao que se refiren. Algúns colegas e amigos explicáronme

que a afirmación exposta podía entenderse da seguinte maneira: as persoas na hipoteca introducían, ademais da casa, o coche e os mobles; poden dicirlles que despois de semellantes palabras a miña teima inicial transformouse en desconcerto. Permitan que me explique.

Eu nacín nun ano no que o territorio comezaba a denominarse Estado español e trataba de fuxir da escuridade a través da aprobación dunha Constitución que recollía dereitos e deberes, co fin xerar unha utópica igualdade mínima entre os diversos e diferentes cidadáns que compoñían dito territorio.

Un destes dereitos era, e aínda é, o acceso e “goce dunha vivenda digna e axeitada”. Se partimos deste dereito das persoas, non podo entender o argumento, e agora digo perverso, de que a inmensa maioría das persoas vivan por riba das súas posibilidades. Cando unha persoa se achegaba a unha entidade bancaria e solicitaba un crédito para a vivenda, a mesma entidade lle ofrecía unha serie de vantaxes para poder acceder tamén a outra serie de bens, como os mobles da casa

(sen mobles a vivenda non é digna nin axeitada), e quizais tamén o motivaban para cambiar de coche. Os bancos, coas súas cualificadas equipas de prevención de riscos, aprobaban ditas “operacións” e facíanlle entender ás persoas que o que estaban a conseguir era unha mellora na súa vida. Ademais, cotiá e diariamente estímálanos a que consumásemos e nunca oín, salvo dende grupos alternativos que alertan dos problemas do exceso do consumo (pero esta é outra problemática), “consume con cautela porque o pode facer por riba das súas posibilidades”.

Permítanme rematar estas breves palabras, o espazo non me permite espallarme máis, dicindo que cando hai problemas este tipo de mensaxes sempre son os que emanan do poder, ben sexa éste económico, político ou social. O poder hexemónico, aquel que define a realidade, sempre busca o xeito de que aqueles que sofren as consecuencias se acaben considerando culpables ou partícipes das situacións que lles prexudican e, así, se inhiban de pensar, e actuar en consecuencia, que é preciso mudar a realidade.

Os cebos

Xavier Pazo Blanco, presidente
da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



O obxectivo de calquera cebo, xa sexa culleriña, mosca ou cebo natural (miñoca, saltón, grilo...), é enganar ao peixe, troita para que morda o anzó. En xeral, a función das culleriñas e moscas é imitar o alimento natural do exemplar que queremos capturar. Os cebos naturais, pola súa banda, poden ser peixes reais, enteiros, cortados (ollar a normativa, pois está prohibido o seu uso en moitos sitios), ou calquera outro produto que se poda comer -gusanos, miñocas, saltóns, grilos-.

Moitos aficionados fan as súas moscas e culleriñas; nembargantes outros prefiren mercalas nas tendas especializadas. A gama de ámbalas dúas técnicas é infinita.

Na gama de cebos naturais, temos tendas que teñen de todo, mais hai aficionados que buscan os seus cebos naturais nas beiras dos ríos, pois teñen sempre garantizada unha boa captura, dende caracois, babosas, miñocas, saltóns, orugas até cangrexos, meixilóns de río...

Tanto en augas rápidas como lentas, o fríxano (larva dos tricópteros), “gusano do coco”, pódese atopar pegado ás rochas do río e ás ramas fundidas na auga, onde se alimenta de algas. O tamaño varía segundo a especie, pero a maioría constitúen un cebo natural de primeira clase. A variedade de cebos naturais é moi grande e sempre está ao alcance da man. Ademais

mentres se está na súa busca sempre se aprende algo novo sobre especies animais e vexetais que poblan o ecosistema do río.

A culleriña (spinners) é un cebo artificial que consta dunha paleta que xira ao redor dun tronco central. Cando se lanza a auga e se arrastra nese medio incita aos depredadores “troitas” a atrapalo, xa seña porque senten que houbo unha intrusión no seu territorio, por terquedade ou por fame.

Está feita totalmente de metal prateado, latón, aluminio, cobre; cun anzó simple triple e hai quen lle monta unha mosca. Ten dúas vantaxes fundamentais: o seu peso dalle unha capacidade de lanzado grande e pode descender en segundos ata a profundidade desexada para iniciar a recuperación.

O sistema sensorial dos peixes e moito máis complexo do que pensamos. Non senten a dor como os demais vertebrados, pero os seus sentidos do tacto, vista, oído, olfato, e gusto son moito máis desenvolvidos.

Ademais posúen unha liña lateral de órganos sensoriais en cada lado da cabeza. Estes órganos sensoriais detectan sonidos de baixa frecuencia, vibracións...e permítenlle captar movementos e obstáculos cercanos a el, así como cambios de presión, temperatura, axudándolle a manter o equilibrio.

XOSÉ SEOANE MARTÍNEZ 'Carpinteira' - Gaiteiro

Alex Seoane e Xosé Domingos Fuciños



Xosé 'Carpinteira' tocando co grupo do Centro Galego de Barakaldo



Os gaiteiros do Centro Galego de Barakaldo co grupo de baile galego 'Doces Lembranzas, en Azpeitia (1978). Na foto, 'Carpinteira' e outros veciños de Melide, como Víctor e Leoncio

Nace Xosé 'Carpinteira' o 14 de febreiro do ano 1926 nas Pereiras, en San Salvador (Melide). Comezou con nove anos a tocar a gaita feita de buxo e fol de vexiga de porco. Aos 15 anos foi chamado a filas do exército, na división de Girona-Picos de Aneto, para formar como cabo da Banda de Gaitas. Botou cinco anos da súa vida entre as fronteiras de Francia e España. Posteriormente, tocou cos 'Garceiras' e 'Martíño' entre os anos 1940 e 1950, e logo no Centro Galego de Bizkaia, en Barakaldo, entre os anos 1964 e 1991, para rematar a súa an-

daína como gaiteiro colectivo no grupo 'Os Castros' da Coruña, do 1991 até o 2006. Conta no seu currículo con alomenos trinta trofeos e placas de recoñecemento. Os sons da súa gaita e compañeiros soaron en Francia, Portugal, Arxentina, ademais de en Euskadi, Galicia e España. Importante é salientar a obra dos Centros Galegos da Emigración coma o de Barakaldo, entre outros. Na actualidade reside na Coruña, coa súa dona e familia. Saúde, longa vida e recoñecemento para Xosé 'O Carpinteira'.

Nace un grupo de teatro afeccionado en Visantoña

Xosé Núñez López



Bailando a muñeira na romaría xunta á capela da Virxe da Cova



Acto final, no que o elenco de actrices e actores -co director Xesús Gómez Lareo no centro- saúdan ó público.

Este ano a celebración do Primeiro de maio en Visantoña (Santiso), organizada pola Asociación Cultural e Veciñal 'O Noso Lar', foi a máis completa recordada. cun importante programa de distintas actividades culturais, como foron as actuacións musicais da Coral Polifónica de Santiso, o grupo de gaitas Folk da Chousa de Visantoña, e un xantar no mesmo campo da festa a base de polbo á feira, empanada e máis pratos típicos. Pola tarde, unha vez feita a di-

xestión, volta á festa rachada, ó son dos gaiteiros da Ponte e da charanga 'Os Amigos de Visantoña', ata as nove da tarde. O bo día axudou, e a asistencia de público de Visantoña e da comarca foi moi importante. Pero o prato forte fíxose esperar, porque ata preto das dez non escomezou o que era a grande nova, a estreia do novo grupo de teatro afeccionado 'O Noso Lar' de Visantoña. Este evento cultural de primeira orde, organizado pola asociación de Visantoña -dirixida por Manuel Adán López-

e coa colaboración dos concellos de Melide e Santiso, foi todo un acontecemento. No pavillón polideportivo de Visantoña, que foi habilitado para a ocasión, xuntáronse unha 600 persoas, que aplaudiron a rabear ás actrices e actores, porque as súas actuacións saíronlle perfectas. O público saíu satisfeito ó máximo. Tanto aplaudiron o bo facer dos actores que, ó final, cando se veu obrigado a saír ó escenario o veterano director Jesús Gómez Lareo, non puido conter as bágoas de emoción.

AVISOS E ACTOS - XUÑO

-do venres 4 ao domingo 27: I ruta ‘Melide de tapas’. Tódolos venres (de 19.00 a 22.00), sábados (de 13.00 a 15.00 e de 19.00 a 22.00) e domingos (de 13.00 a 15.00) de xuño nos 12 locais que participan no concurso. (Ver pax.7 e contraportada)

-venres 4: proxección dun documental sobre o divulgador ambientalista Félix Rodríguez de la Fuente. Edificio Multiusos de Melide, ás 18.00 horas.

-sábado 5: Día Mundial do Medio Ambiente

-luns 7: o Concello de Melide dará a coñecer o gañador do IX Certame de Creación Literaria ‘Terra de Melide.’

-do luns 7 ao venres 18: exposición dos traballos das clases de manualidades nas que participan maiores das parroquias de Villamor, Oleiros e Brañas. Na Casa do Concello de Toques.

-venres 11: charla informativa sobre a situación económica do Concello de Melide. Edificio Multiusos, ás 21.00 horas.

-mércores 30: remata o prazo para inscribirse nos obradoiros de emprego de cachotería e horta que fará o Concello de Santiso.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide:12.30 Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		SERVIZOS E INSTITUCIÓNS			
UrxenciasSanitarias	061	Atención ao cidadán	981120012	A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
Bombeiros	080	Valedor do pobo	981571900	I.E.S. de Melide	981505162
Incendios Forestais	085	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº1	981505238
Policía Municipal		Industria e Comercio	981544341	C.E.I.P nº2	981505929
Urxencias	092	Sevizo Galego Colocación	981125000	Gardería	981505003
Melide	981505003	Teléfono da Muller	900400273	U.A.F. de Melide	981507742
Policía Nacional	091	Teléfono do Menor	900444222		
Garda Civil		Dirección Xeral de Tráfico	900125505	SANTISO	
Urxencias	062	Correos	902197197	Casa do Concello	981818501
Melide	981505007	Auga	981242322	Centro de Saúde	
S.O.S		Electricidade	981147200	Agrochao	981517803
S.O.S Galicia	112	Gas.	900760760	Visantoña	981510749
Protec.Civil.	670498848			Xulgado de Paz	981 818501
TRANSPORTES		MELIDE			
RENFE		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176	Casa do Concello	981787508
Santiago	981596050	Servizos Sociais	981505012	Desenvolvemento local	981787508
Autobuses		Consevatorio	981507100	Centro de Saúde	981787744
A Coruña	981239099	Polideportivo	981507752	Mosteiro de Sobrado	981787509
Santiago	981542416	Centro Social da 3ª Idade	981505706	Xulgado de Paz	981787508
Aeroportos		Parada de Taxis	981505390		
A Coruña.	981187200	Oficina de emprego	981505204	TOQUES	
Santiago	981547500	Albergue Xuvenil	981507412	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	Albergue do Peregrino	660396822	Centro de Saúde	981507301
		Centro Ocupacional	981505003	Xulgado de Paz	981505826

TERESA E GONZALO TORREIRO AGRA, SÚPER VILASOA

“As hortalizas e verduras de tempada son do noso propio invernadoiro”

Teñen totalmente presentes as súas orixes, na aldea de Vilasoa, en Belmil (Santiso). Tanto é así que lle puxeron o mesmo nome ó seu negocio e decoraron as súas paredes con fotografías da paisaxe do lugar e do invernadoiro. Despois dun ano aberto, na rúa Xesús Bal Gay, os responsables

desta tenda “de barrio” fan un balance positivo. Combinan produtos “a prezos asequibles” cunha atención personalizada. Teresa é consciente de que “non podemos competir cos grandes supermercados”, pero a cambio ofrecen servizos exclusivos que non teñen as cadeas de distribución.

-Despois moitos anos traballando noutros sectores decidiron comezar unha nova experiencia

-Coñecemos á persoa que rentaba o outro supermercado que había neste local e ofrecenos a oportunidade de seguir con el. A familia animounos moito ós dous, porque traballabamos en sectores afectados pola crise.

-Arriscáronse nun momento de crise, no que están pechando moitos negocios

-Nestas situacións hai que arriscarse. O supermercado é un negocio máis seguro, porque comer sempre hai que comer. A xente pode prescindir de certos caprichos, pero os alimentos básicos ten que mercalos.

-A finais de xuño fará un ano dende que abriron a tenda, ¿que balance fan?

-Por agora vainos ben, pero cremos que un ano aínda non é suficiente para obter un balance completo. Aínda hai xente que non nos coñece. O negocio necesita máis rodadura.

-A crise está na rúa, notan moita variación no consumo en certas épocas?

-A comezos e a finais de mes nótase, tanto para ben como para mal. Os meses de verán e decembro son moi bos e hai outros coma febreiro ou setembro nos que baixan as vendas.

-Aproveitan o feito de ter horta propia para vender as hortalizas e verduras que producen

-Traemos repolos, berzas, grelos, cebolas, puerros, pimientos, cenouras, tomates,



Gonzalo e Teresa Torreiro Agra, propietarios do Súper Vilasoa

patacas, xudías, leitugas... todo recollido na horta familiar. Gonzalo encárgase do invernadoiro polas tardes, despois de traballar na carnicería pola mañá.

-Os consumidores demandan cada vez máis produtos naturais

-Moitos clientes veñen preguntando se xa temos a verdura ou os tomates da casa. A diferenza de sabor é moi grande, comparada cos que teñen nas grandes supermercados. Nós recollémolos cultivos no punto óptimo de maduración, non maduran na cámara.

-Na carnicería tamén sirven produtos propios

-Vendemos polos e coellos da casa por encarga.

-Defínena como unha tenda “de barrio”

-É pequena, pero con variedade de produtos. Os principais valores son a familiaridade no trato cos clientes e a confianza.

-Coñecer aos clientes permite ofrecer unha atención máis personalizada

-O trato persoal permítenos darlle certas facilidades que non contemplan noutras tendas. Temos clientes maiores que veñen tódalas semanas e levámoslle a compra á casa sen necesidade de que fagan un consumo mínimo. Sabemos que son clientes fixos.

-Nos prezos tamén se diferencian das grandes cadeas

-Non queremos nin podemos

competir cos grandes supermercados. Temos prezos asequibles e, polo de agora, non traballamos con ningunha grande cadea.

-Teñen varios produtos exclusivos

-Vendemos leite do día e unhas conservas que non hai en ningún outro comercio de Melide. Hai clientes que veñen mercar exclusivamente estes produtos, aínda que a tenda lle queda a contramán.

-Non están situados no centro da vila, pero a ubicación é estratéxica

-Queda moi preto do colexio Pastor Barral e do centro médico. Vén moita xente da zona de Santiso. Moitos paran aquí porque sempre hai sitio onde aparcar, unha vantaxe que

“Non podemos competir coas grandes cadeas, pero ofrecemos unha atención personalizada”

“Arriscámonos porque é un negocio máis seguro ca outros. Hai que comer tódolos días”

non hai no centro da vila.

-Teñen algún perfil de cliente concreto?

-Veñen moitas nais cando van deixar ou buscar ós nenos ao colexio e moitas persoas maiores que viven preto. Esta tempada achéganse os peregrinos que quedan a durmir no albergue, que está provisionalmente no Pazo de Congressos. Soen vir a última hora da tarde e para esa hora temos o pan recién sacado do forno.

-Porque decidistes asociarvos a Asetem-Cca?

-Foi trala campaña de Nadal, porque queríamos deixar pasar os primeiros meses despois de abrir. Agora o feito de que se uniran as dúas asociacións animámonos moito a participar.

A Pena da Moura



1



2



3

Inconfundible. É un dos miradores naturais das terras de Melide. Ao oeste o val de Sobrado e ao leste a Serra do Bodelo. Ante nós unha vista panorámica que trascende as fronteiras da comarca e viaxa a terras de

Lugo e Pontevedra. No límite entre os concellos de Sobrado e Toques érguese imponente a Pena da Moura. Un conxunto de penedos que sorprende a veciños e visitantes pola súa colocación. Semella que as

rochas máis grandes, acompañadas doutras máis cativas ubicadas nas proximidades, caeran do ceo. O observador procura a lóxica do equilibrio, que se antolla case imposible. A formación megalítica,

sobre a que versan varias lendas, atópase en excelente estado de conservación. Mágoa que fora usada para a sinalización do “coto de caza”, coma outros penedos de incalculable valor histórico que hai nos arredores.

1. Vista da Pena da Moura dende a entrada da finca na que se ubica

2. As rochas manteñen o equilibrio colocadas unhas sobre outras.

3. Vista lateral da Pena da Moura.

I Ruta 'Melide de tapas' Xuño 2010



O Sapo Lambón
Ovos de Sapo Lambón



Bar Principal
Empanadillas de pulpo



Adega O Lar
Albóndigas con patacas




Bar Avenida
Pemento recheo ao estilo Avenida




A Fundación
Croquetas de pulpo ao estilo Fundación



Chiquitín
Picadillo de champiñóns en salsa de zamburiñas



Big Ben
Tortilla de pataca



Adega Mandil
Callos á galega



O'Local
Arroz con bogavante



Cafetería Marta
Tortilla con chourizo e xamón



Mesón Pulpería Alongos
Pulpo á grella con Arzúa-Ulloa en salsa de gambas



Pizzería O Balde
Gervorla con gruyere e aceitunas

OBTÉN O TEU PASAPORTE E PARTICIPA NO SORTEO DE PREMIOS

Organiza: Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca)